

SERVIZO
DE FESTAS

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATAÇÃO, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 10136-335

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE VENTA DE ENTRADAS E CONTROL DE ACCESOS PARA EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS

1.- OBXECTO

O obxecto deste contrato é a organización do sistema de venta de entradas e control de accesos para eventos do Servizo de Festas.

2.- LOTES

Non, a natureza do obxecto do contrato non admite a súa división en lotes. En aplicación do artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), non se considera viable a súa división en lotes xa a que as prestacións incluídas no presente contrato están estreitamente interconectadas entre si e teñen una finalidade única polo que separar a súa execución ocasionaría problemas á hora de acadar un resultado óptimo no desenvolvemento do servizo.

3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En aplicación do artigo 116 da Lei 9/2017, xustifícase que o Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para o cumprimento e realización da produción soporte dos espectáculos previstos no programa Vigo en Festas faise necesaria a realización deste contrato.

4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

4.1.- Procedemento de adxudicación

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un **contrato administrativo de servizos**, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

O tipo de procedemento será **aberto** de acordo co establecido nos artigos 131 e 156 da Lei 9/2017. O contrato que terá carácter administrativo, atópase no suposto recollido no artigo 22.1.b) polo está suxeito a regulación **harmonizada**.

4.2.-Forma de tramitación:

A forma de tramitación será a **ordinaria**.

4.3.- Códigos CPV:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 1 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



CPV-79990000-0 Servizos comerciais diversos

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

Prazo de execución

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrência o mesmo.

Fíxase un prazo de execución de **un ano** a contar desde a data de formalización do contrato.

O devandito prazo poderá ser obxecto de **catro prórrogas** dun **ano** de duración cada unha.

Tendo en conta o servizo a realizar polos adxudicatarios, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz, e dado que nos próximos anos existirá unha continuidade nas necesidades, motivo polo que se considera adecuada a duración do prazo de execución así como a posibilidade de prórrogalo.

6.- SOLVENCIA

6.1. Solvencia económica e financeira:

Consonte ao artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira se deberá acreditar polos seguintes medios:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira suficiente, aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos concluídos, sexa, cando menos, igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato.

6.2 Solvencia técnica e profesional:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70 % da anualidade media do prezo do contrato.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

En relación aos criterios de adxudicación e de acordo co recollido no artigo 145 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 2 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da Lei 9/2017, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade/prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR:

1.- Memoria descritiva das especificacións do sistema de venda de entradas: valorarase con ata **40 puntos**

1.1. Sistema de venda de entradas: valorarase con ata **20 puntos**

Detallaranse:

- Características da arquitectura do sistema
- Descrición do software e contorno da plataforma de venda
- Características da aplicación móbil
- Esquema da xestión de venda de entradas
- Descrición do servizo de atención ao cliente

1.2. Sistema de control de accesos: valorarase con ata **20 puntos**

Detallaranse:

- Descrición e características dos equipos
- Descrición e características dos servidores
- Descrición e características dos dispositivos de interconexión
- Descrición do software
- Esquema de xestión de control de accesos

Fíxase un umbral mínimo de puntuación de 20 puntos. Os licitadores que non acaden un mínimo de 20 puntos neste criterio serán excluídos por considerarse que non cumpren co mínimo de calidade que se esixe para a prestación do servizo.

- CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Porcentaxe único de desconto a aplicar aos prezos consignados no apartado 2 da memoria económica: valorarase con ata **39 puntos**

Para valorar este criterio darase a máxima puntuación ao licitador que oferte unha maior porcentaxe de desconto e o resto valorarase proporcionalmente.

2.- Incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 7.3 do PPTP (ata 2.500 persoas de aforo, 5 lectores PDA e ata 5.000 persoas de aforo, 9 lectores PDA) para todos os eventos: valorarase con ata **21 puntos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 3 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Para valorar este criterio outorgaranse **7 puntos** por cada lector PDA ofertado a maiores.

Xustificación dos criterios de valoración

Xustificase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración.

Por un lado, a Memoria permite valorar a capacidade do sistema, os medios técnicos, materiais e humanos dos que dispón a empresa para acometer e realizar o servizo, indicando o nivel de calidade na execución das diferentes prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

Asemade, polo que respecta ao segundo criterio de fórmula, dende o punto de vista técnico este criterio proporciona unha mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración, ao supoñer unha maior eficiencia nas tarefas de servizo e asistencia ao público ao permitir reducir o tempo de espera nas colas de acceso ao recinto da platea.

8.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Aplicarase no previsto no artigo 149.4 da Lei 9/2017. Dado que a adxudicación deberá facerse tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

Cando a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

9.- SUBCONTRATACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 4 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



Non se fixan tarefas críticas.

10.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións.

11.- RESPONSABLE DO CONTRATO

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle ao Servizo de Festas e a persoa responsable do contrato será o/a asesor/a externo/a contratado/a a tal fin, por canto no servizo non existe persoal coa cualificación técnica necesaria para controlar a boa execución do contrato, ou a técnica en quen delegue, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.

12.- SEGURO

O contratista deberá subscribir unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil por un importe mínimo de 100.000 euros de capital asegurado, que cumprirá cos requisitos seguintes:

- A póliza deberá prestar cobertura polos danos acontecidos e reclamados durante todo o período de execución do contrato e ata o remate do mesmo e polos danos acontecidos durante este período de execución e que sexan reclamados tras 24 meses despois da súa finalización.
- Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia das pólizas subscritas e firmadas polas Aseguradoras para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén do correspondente recibo liquidado.
- En caso de sinistro, calquera diferenza que xurda no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou outro tipo de descubertos no seguro contratado, deberá ser soportada polo contratista.
- O contratista se obriga a reparar os danos e responder por aqueles riscos que non queden garantidos nas pólizas de seguro descritas anteriormente, a fin de levar a bo término o obxecto do contrato, conforme as obrigas e responsabilidades asumidas. A contratación das pólizas descritas non eximirá nin limitarán as obrigas e responsabilidades derivadas do obxecto do contrato.
- Os xustificantes de subscrición das pólizas de seguros unicamente se esixirá o licitador cuxa oferta sexa determinada como a mellor relación calidade-prezo e deberá ser presentado, en todo caso, antes do inicio de execución do contrato do contrato.

13.- LUGAR DE ENTREGA

O servizo terá lugar no Concello de Vigo: nas instalacións do Auditorio ao aire libre de Castrelos, situado no parque municipal do mesmo nome, e nos recintos que indique o responsable do contrato en función do lugar onde se celebre o evento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 5 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



14.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A data prevista do inicio do contrato é o 15 de xuño.

15.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

Conforme ao establecido no art. 202 la LCSP, establécense neste contrato as seguintes condicións especiais de execución:

- **Medioambientais:** o mantemento ou mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato. O contratista identificará aqueles traballos que poidan ter un impacto medioambiental e adoptará as medidas axeitadas para minimizar o devandito impacto, asegurándose, en particular:
 - Que os materiais utilizados para a impresión das entradas sexa realizado con papel con certificado FSC (Forest Stewardship Council) reciclado o equivalente.
 - Que os embalaxes (caixas, envases e plásticos) utilizados na execución deste contrato sexan reciclados correctamente, situando nos espazos de desenvolvemento da prestación os contedores adecuados dedicados a tal fin.
- **Sociais:** en relacións aos criterios de carácter social e, tendo en conta que o presente contrato ten un forte compoñente persoal, esixirase o seguinte:
 - Se o contratista é unha empresa con mais de 50 traballadores/as ou que por sanción da autoridade laboral ou si así o establece o convenio colectivo de aplicación sexa obrigatorio a elaboración e aplicación dun Plan de Igualdade, deberán acreditar, mediante declaración responsable que contan co mesmo inscrito no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo.
 - Se o contratista é unha empresa con menos de 50 traballadores/as acreditará, mediante declaración responsable, que do convenio colectivo de aplicación non resulta obriga ningunha de elaborar un Plan de Igualdade e que non foi obxecto de sanción da autoridade laboral en materia de igualdade que lle obrigara a dispoñer dun Plan de Igualdade.

16.- CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO

A execución deste contrato require o tratamento polo contratista de datos persoais coa única finalidade da realización dos traballos de xestión dos eventos que contén con rexistro de público asistente ou participante. Estes non poderán ser utilizados para ningún outro fin.

18. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non existe transferencia dos dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

19.- NECESIDADES A SATISFACER POLA ADMINISTRACIÓN

Cumprir coas obrigas derivadas da Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia en relación ás competencias previstas 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 6 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**SERVIZO
DE FESTAS**

**CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, que permiten aos municipios promover e realizar actividades culturais.

20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

Dado que na elaboración da documentación contractual colaborou o empresario autónomo especializado na organización de eventos, D. Alberto Comesaña Rial, a través dun contrato de Asesoramento Técnico co Servizo de Festas (expediente 9191/335), este non poderá participar nesta licitación.

21.- CONFLITO DE INTERESES

A técnica que subscribe declara non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa da área de Contratación e Novos Proxectos

Conforme

A concelleira da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 10:15	Páxina 7 de 7
10136-335	CSV: AAAH4D-51892B-B5B627-UELU5Y-GSTEJ6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		